

CADERNO DE

Detectives da arte

1

Edita: Museo de Pontevedra
Texto, deseño e maquetación: Dpto. de Educación do Museo Pontevedra

Depósito legal: PO 183-2022

Centralita: +34 986 80 41 00
Extensións do Departamento de Educación: 42413 e 42416
Correo-e: educación.museo@depo.es
Web: museo.depo.gal

O VOCEIRO VELOZ O CORREO DO MUSEO


Pontevedra, 21 de xaneiro de 1972 · Volumen 2, número 1 · EDICIÓN ESPECIAL

ROUBO NO MUSEO DE PONTEVEDRA. RESOLVERASE O MISTERIO ALGÚN DÍA?

Esta noite o Museo de Pontevedra foi vítima dun roubo. Un malvado ladrón, aproveitando a escuridade, entrou por unha ventá mal pechada do museo e accedeu a unha das súas salas a través do montacargas.


Soamente levou un cadro, *Máscaras africanas*, do artista Arturo Souto. Aínda que apareceron diferentes pistas no lugar da desaparición, a Policía non foi quen de resolver este misterioso crime.

Desde o Departamento de Policía de Pontevedra pídeselle colaboración á cidadanía para atrapar este vil malandrín.



Para ser unha boa ou un bo detective
cómpre seguir catro regras básicas:

1. Fíxate ben en todo o que te rodea
2. Axúdate das cartelas
3. Observa detidamente as obras
4. Le atentamente as pistas



Sala 3.1

Pista  **1**

Busca na sala unha serie de obras con paisaxes galegas e mulleres traballando no campo nas que o pintor empregou tons rosa e pastel. Cal é o apelido do pintor?

— — — — —

Pista



7

Cando chegou a Policía ao museo o día do roubo fixouse noutro dos cadros do artista Arturo Souto e houbo unha pequena disputa entre as e os axentes. Para uns representaba o fondo do mar, para outros, o espazo. Que título lle puxo o pintor?

— — — — —

— — — — —

Sala 3.3

Pista



2

Busca na sala unha obra de gran tamaño titulada *No portal de José e María*, do pintor José Frau.

Xa a localizaches?

Fíxate na técnica que empregou para pintala:



Pista



3

Nesta mesma sala temos tamén expostas varias esculturas do artista Uxío Souto.

Só unha delas ten cores. Es quen de pescudar o seu título?

— — — — —

— — — — —

— — — — —

Sala 3.4

Pista  **4**

A obra dun dos pintores galegos contemporáneos máis famosos caracterízase pola composición a base de formas xeométricas.

De nome Luis, temos na sala varias obras; nunha delas aparecen dúas mulleres parolando.

Cal é o apelido deste pintor?

— — — — —

Pista



6

Unha muller moi seria observa todo o que acontece nesta sala; foi testemuña do roubo do cadro.

Achégate a ela e contesta a que xénero pertence este tipo de cadros onde se representa a cara dunha persoa.



Sala 3.5

Pista



5

Busca unha obra na que aparezan representados elementos propios dunha mesa preparada para comer.

Pintouna o artista Rafael Alonso pero, a que xénero pertence?



Pista




8

É moi habitual na arte contemporánea que a ou o artista decida non poñerlle título á súa obra para que cadaquén poida ver o que queira e deixe voar a imaxinación.

Neste caso falamos dunha escultura que non ten título.

Cal é o nome da artista que a realizou?

— — — — —



Agora que xa temos
todas as pistas
é hora de resolver o
misterio. Como?

Na resposta a cada
pista hai unha liña
de diferente cor.
Escribe na páxina
seguinte a letra
na liña coloreada
que corresponda.

Quen roubou o Cadro?

Resposta da pista 1



Resposta da pista 2



Resposta da pista 3



Resposta da pista 4



Resposta da pista 5



Resposta da pista 6



Resposta da pista 7



Resposta da pista 8





Lembranza



1. Xénero: recorda que cando falamos do xénero dunha obra non nos referimos a se é masculino ou feminino, senón ao tema que representa. Hai moitos xéneros na pintura pero algúns dos máis comúns son:

RETRATO, BODEGÓN e PAISAXE



2. Soporte e técnica: o soporte é o material que se emprega para facer a obra de arte. En pintura os máis comúns son o papel, o lenzo ou a madeira; en escultura, a pedra, a madeira, a escaiola ou o metal.

Por técnica referímonos ao material empregado sobre ese soporte: acuarela, óleo, pastel...



3. Arte figurativa e arte abstracta: a arte figurativa trata de imitar a realidade e as obras que se afastan dela chámanse abstractas.



